



Memoria xustificativa dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello da Pobra de Trives para a execución do proxecto denominado Adquisición dun vehículo todoterreo para a execución de tarefas medioambientais

1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que en virtude do Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a súa estrutura orgánica ten atribuídas a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local e as competencias en materia de asistencia á Administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ten previsto asinar co Concello da Pobra de Trives un convenio para a execución do proxecto denominado Adquisición dun vehículo todoterreo para a execución de tarefas medioambientais.

O Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, configura esta como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do goberno en materia de administración local, atribuíndolle, entre outras as competencias en materia de asistencia á Administración local.

Á súa vez, o artigo 22 do antedito decreto determina que a Dirección Xeral de Administración Local é o órgano encargado da xestión das competencias atribuídas á Xunta de Galicia en materia de Administración local e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

Por outra banda, o artigo 25 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, establece que as actuacións ás que se destinará a parte do fondo que non estiver destinada ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión, terán que estar dirixidas á protección do ambiente, entre as que se atopan os proxectos e actuacións para o control medioambiental, adquisición de vehículos para actuacións de protección do ambiente para a prevención e extinción de situacións de sinistro ou risco.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o desenvolvemento económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados.

O obxectivo común é mellorar a eficiencia enerxética das infraestruturas vinculadas á prestación dos servizos municipais e, asemade, recuperar o normal funcionamento das infraestruturas municipais, de





forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia.

Por outra banda, na aplicación orzamentaria 05.23.141A.761.1 (proxecto 2018 00168, *Outras actuacións específicas de protección do ambiente*) existe un saldo de crédito que se considera axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz nesta colaboración cunha entidade local de Galicia.

3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello da Pobra de Trives o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 15 de novembro de 2018.

4. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello da Pobra de Trives para a execución do proxecto denominado Adquisición dun vehículo todoterreo para a execución de tarefas medioambientais.

5. Fundamentos do convenio

O Concello da Pobra de Trives manifestou a necesidade extraordinaria e urxente de asistencia por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para acometer o proxecto denominado Adquisición dun vehículo todoterreo para a execución de tarefas medioambientais

A solicitude fundaméntase na necesidade inaprazable de adquisición dun vehículo todo terreo para a realización de tarefas medio ambientais e a xestión de situacións de sinistro ou risco.

O concello da Pobra de Trives expón que conta cunha flota de vehículos moi envellecida, con continuos gastos en reparacións e na que os vehículos non cumpren cos requisitos mínimos para facer fronte as tarefas medioambientais e de xestión de sinistros ou riscos que a diario realiza a policía local do Concello.

Dentro de esta flota o único vehículo todoterreo co que contaba a policía local, que ten máis de vinte anos, está cualificado como inservible polos técnicos, polo que a día de hoxe, o concello non conta cun vehículo co que poder realizar tarefas de rescate de persoas ailladas polas frecuentes nevaradas que asedian o concello en inverno nin as tarefas relacionadas co medio ambiente, coma o control das augas, de vertidos, tanto dos ríos como do o territorio, control das fosas sépticas existentes en cada núcleo de poboación, medición de ruídos, toma de mostras, tanto sólidas coma líquidas, nos casos de residuos ou verteduras.

O concello da Pobra de Trives atópase xeograficamente localizado en zona de alta montaña, na que se empraza a Estación Invernal de Cabeza de Manzaneda, é un concello moi visitado durante o inverno, no que as xeadas e as nevaradas son moi habituais na época invernal e máis nos últimos anos nos que os invernos son máis duros.

No último inverno as intensas nevaradas illaron moitos núcleos de poboación deixando incomunicada a súa poboación e a moitos rapaces e rapazas sen poder asistir os seus centros de estudos.

Polas razóns expostas o concello da Pobra de Trives precisa adquirir de xeito inmediato, antes da chegada do inverno, un vehículo todoterreo para poder realizar as tarefas anteditas desprazando aos seus axentes da policía local polas estradas de alta montaña que comunican os núcleos de poboación que están espallados o longo do territorio e moi separados da capitalidade do concello.





A necesidade da colaboración solicitada á Vicepresidencia e Consellería acentúase pola concorrencia doutros factores. Por unha banda, na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrencia á que poida acollerse este proxecto nin se prevé a súa convocatoria nas próximas datas, dado o avanzado do exercicio orzamentario, polo custo temporal da tramitación dun procedemento destas características.

Por outra banda, a falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as necesarias actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configuran un contexto do que se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello da Pobra de Trives de afrontar en solitario os compromisos económicos que o restablecemento do normal funcionamento dos servizos municipais, mediante a execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a facenda local.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa o fomento de todas aquelas actuacións que permitan potenciar e apoiar a prestación de servizos de calidade por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima á cidadanía e se corresponde con actuacións financiáveis de conformidade cos criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia manifestada polo concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, unido ao cumprimento dos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello da Pobra de Trives

6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegará a cantidade máxima de VINTENOVE MIL OITOCENTOS EUROS (29.800,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.761.1 (CP 2015 00168) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018. Este importe representa o 100 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio e que ascende a 29.800 €.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto nos artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

A directora xeral de Administración Local

Marta Fernández-Tapias Núñez
Documento asinado dixitalmente á marxe

